

Estimado amigo / Estimada amiga:

Desde a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social seguimos apostando polo autoemprego cooperativo a través da Rede Eusumo. En consonancia temos programada a celebración de dous obradoiros de fomento do cooperativismo co título **“Emprender baixo a fórmula cooperativa”**, que se enmarcan dentro das actividades organizadas pola rede no seu plan de actuación 2014.

Estes obradoiros, dirixidos a persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego, realizaranse os días 24 e 29 de setembro en Vigo e Santiago de Compostela respectivamente. A través dos mesmos preténdese amosar as vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa como modelo empresarial máis axeitado para emprender nos momentos actuais.

Entre os obxectivos que persegue este obradoiro destacan:

- Achegar o modelo cooperativo a persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego.
- Dar a coñecer o modelo cooperativo: as súas características e particularidades.
- Achegar aos participantes experiencias reais de cooperativas.
- Coñecer os pasos para crear un proxecto cooperativo.
- Mostrar os recursos e ferramentas a disposición do impulso ao cooperativismo.

Sería un pracer contar co seu apoio na difusión destas actividades, para garantir a maior repercusión posible, contribuíndo así á impulsar o autoemprego na nosa comunidade a través da fórmula cooperativa. Achegámoslles a respectiva documentación dos eventos.

Para calquera cuestión, pode poñerse en contacto con nós no teléfono 981558008 ou no enderezo info@eusumo.coop.

Para máis información, visite as web:

www.eusumo.coop

www.cooperativasdegalicia.com

Reciba un cordial saúdo

Odilo Martiñá Rodríguez
Director Xeral de Traballo e Economía Social